

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 19/06/2018 10:20:47

SAIDA

8407/18



Valedor
do Pobo
Galicia

Expediente: DAIPVP 003-18

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2018

Estimado [REDACTED]:

Con data de 7 de xuño de 2018 tivo entrada na institución do Valedor do Pobo unha solicitude de acceso á información pública cursada por [REDACTED]; solicitude que quedou rexistrada co número DAIPVP 03/2018 e na que solicitou " *información referida a consorcios provinciales contra incendios y salvamento operativos actualmente.*" dando un correo electrónico para a remisión da dita información.

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno establece o dereito de toda persoa a facer unha solicitude de acceso á información pública. Este dereito de acceso da lugar a un dereito secundario de recibir orientación e asesoramento para o exercicio deste dereito (artigo 26).

Tendo en conta o seu dereito a recibir orientación lle indico que a solicitude para o exercicio do dereito de acceso debe ser dirixida á persoa titular do órgano administravo ou a entidade que posúa a información, porén o seu correo solo indica que quere a información e dirixe a súa petición á Comisión da Transparencia que solo sería competente de existir unha resposta inadecuada ou unha total ausencia de resposta segundo o artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.


En caso de dispoñer da solicitude dirixida aos consorcios rogamos que as remita, en caso contrario lle indicamos os seus enderezos a fin de que poida facer efectivo o seu dereito de acceso á información correctamente:

Consortio Provincial Contra incendios e Salvamento da Coruña con enderezo na Rúa do Bronce, Parcela G-2, Polígono Industrial de Bértoa, 15105 Carballo.

Consortio provincial Lugo con enderezo en Rúa do Castiñeiro, 16, 27800 Vilalba, Lugo.

Consortio Provincial de Ourense para Servizo Contra Incendios e de Salvamento con enderezo na Rúa As Pedreiras, s/n baixo; Parque Bombeiros, 32350 e A Rúa de Valdeorras, A Rúa (Ourense).

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



Milagros Mª Otero Parga
Valedora do Pobo